



ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 30

DO 16 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO 2008

Contido

Política comunitaria

A UE apoia ás estrelas do mañá mediante Eurostars

Páxina 1

Programas Europeos

Convocatorias vixentes

Páxinas 2-3

Noticias

Designado o Consello de Administración do EIT

GigaWaM cubrirá a necesidade de velocidade de banda ampla

Páxina 4-5

Política Comunitaria

A UE apoia ás estrelas do mañá mediante Eurostars

<http://www.eurostars-eureka.eu>

A Unión Europea deu luz verde á concesión de fondos en apoio do Programa Conxunto Eurostars. A Decisión 743/2008/CE do Parlamento Europeo e o Consello, do 9 de xullo, publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o pasado 30 de xullo e entrará en vigor o 2 de agosto.

Esta decisión afianza a participación da Comunidade nun programa de investigación e desenvolvemento que reviste unha importancia vital. Segundo a decisión publicada, o Parlamento Europeo e o Consello estableceron que, na execución do Sétimo Programa Marco, a axuda financeira ao Programa Conxunto Eurostars non supere os cen millóns de euros. Estes fondos sairán do presuposto xeral comunitario asignado a investigación en beneficio das pequenas e medianas empresas (PEME), que forma parte do Programa Específico «Capacidades» e ten o propósito de mellorar as capacidades de investigación e innovación en toda Europa e garantir o seu pleno aproveitamento.

O Programa Conxunto Eurostars financiará, de xeito prioritario, actividades de investigación e desenvolvemento nas que participen unha ou máis PEME, así como organizacións de investigación, universidades e empresas grandes. Pola súa banda, os vinte e cinco Estados membros da UE que participan en Eurostars achegarán outros trescentos millóns de euros. Tamén participarán Islandia, Israel, Noruega, Suíza e Turquía, países que gozan da condición de asociados.

O propósito fundamental deste programa é o de crear un mecanismo de apoio dedicado á Investigación e o Desenvolvemento (I+D) das empresas europeas que sexa sostible e doadamente accesible e as anime a emprender novas actividades económicas. Ademais, no marco do programa, axudarase as empresas a promo-

ver o seu desenvolvemento tecnolóxico e comercial e a gañar proxección internacional.

A función do Programa Conxunto Eurostars non é a de suplantarse os programas nacionais ou comunitarios que xa hai en marcha para impulsar as innovacións nas PEME que realizan I+D, senón completalos e forzar sinerxías cos programas nacionais de investigación e innovación pertinentes. Deste xeito, contribuirá a facer realidade o Espazo Europeo de Investigación (EEI). Eurostars financiará actividades de I+D en todo o espectro da ciencia e a tecnoloxía. Un grupo de expertos independentes encargárase de avaliar as propostas de proxectos e elaborar un listado vinculante coa orde de prioridade para a concesión de fondos dos presupostos comunitarios e nacionais. En liña co enfoque ascendente que lle é característico, apoiará actividades de investigación, desenvolvemento e demostración a cargo de consorcios transnacionais impulsados por PEME que realizan I+D e onde proceda cooperará con organizacións de investigación e grandes empresas.

As PEME que realizan I+D que participen nun proxecto seleccionado deberán, ademais, sufragar o groso dos custos totais das actividades de I+D. Co fin de facilitar os pagamentos aos que participen nos proxectos escollidos, os Estados membros deberán, na medida do posible, aboar a axuda financeira a tanto alzado.

A UE considera que este programa ten un gran potencial e que constituirá un reforzo positivo para Europa nos aspectos de competitividade, innovación, emprego, cambio económico, desenvolvemento sostible e a protección do medio. Así mesmo, confía en que Eurostars favorecerá o cumprimento dos obxectivos de Lisboa e Barcelona.

Programas europeos

Convocatorias vixentes

Programa de Apoio a políticas en materia de TIC (PAP TIC)

http://ec.europa.eu/information_society/activities/ict_psp/index_en.htm

O Programa de Apoio a Políticas en materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (PAP TIC) é un dos tres subprogramas plurianuais que conforman o Programa Marco para a Innovación e a Competitividade (PIC).

O PAP TIC ten como obxectivo estimular a innovación e a competitividade a través dun uso xeneralizado e mellor das TIC por parte de cidadáns, empresas e administracións públicas.

As prioridades de actuación que se financiará nesta segunda convocatoria xiran ao redor de tres grandes temas:

1. Un uso máis próximo das TIC en administracións, servizos públicos e inclusión

- 1.1. Preparar a implementación da Directiva de Servizos
- 1.2. Reducir barreiras administrativas na UE
- 1.3. Servizos de urxencia accesibles para todos
- 1.4. TIC para avellentar mellor con problemas cognitivos, combinando tecnoloxía asistencial e independente
- 1.5. Construír capacidades para a e-inclusión
- 1.6. Mellorar a certificación de produtos de e-sanidade.

2. TIC para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade en áreas urbanas.

- 2.1. TIC para a eficiencia enerxética nos edificios e espazos públicos, incluíndo a iluminación.
- 2.2. TIC para infraestruturas de xestión de transporte urbano adaptado e outros servizos.
- 2.3. Construír consensos e compartir experiencias respecto das TIC, como instrumentos para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade en áreas urbanas.

3. Evolución de internet e seguridade: construír consensos e compartir experiencias.

- 3.1. Un esforzo europeo común en Identificación por Radiofrecuencia.
- 3.2. Impulsar o desenvolvemento do IPv6 en Europa.
- 3.3. Infraestruturas de información fiables e tecnoloxías biométricas.

Nesta ocasión, hai **tres tipos de actuación** posible, segundo a prioridade na que se desexe intervir. Así, identifícanse:

Proxectos piloto tipo A, que se tratan de iniciativas en Estados membros para demostrar a interoperabilidade de operacións comúns. Este tipo de actuación só se contempla para a prioridade 1.1

Proxectos piloto tipo B, que tratan da posta en práctica de servizos innovadores baseados no uso das TIC, dirixidos a cubrir necesidades dos cidadáns, gobernos e empresas. Este tipo de actuación contéplase para as prioridades 1.2; 1.3; 1.4; 2.1; 2.2;

Redes temáticas, que tratan de formar un foro de actores interesados na materia para fomentar intercambios de experiencias e explorar novas formas de implementar solucións baseadas nas TIC. Este tipo de actuación contéplase nas prioridades 1.5; 1.6; 2.3; 3.1; 3.2; 3.3

O orzamento total dispoñible nesta candidatura ascende a **39 millóns de euros**.

As candidaturas de proxectos poderán presentarse ata o **9 de setembro de 2008**.



Convocatorias viventes

LIFE+ 2008

<http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus.htm>

<http://ec.europa.eu/environment/life/contact/nationalcontact/index.htm>

O 15 de xullo abriuse a convocatoria de propostas para LIFE+ 2008. Os temas que abranguen a presente convocatoria son:

1. **Natureza e biodiversidade** LIFE+: ten como obxectivo principal protexer, conservar, restaurar, supervisar e facilitar o funcionamento dos sistemas naturais, os hábitats naturais e a flora e a fauna silvestres, co fin de deter a perda de biodiversidade, e, en particular, a diversidade de recursos xenéticos, na Unión Europea de aquí a 2010.
2. **Política e gobernanza ambientais** LIFE+: entre os obxectivos principais están os que teñen que ver co cambio climático, a auga, o aire, o chan, o medio urbano, o ruído, o medio e saúde, os recursos naturais e residuos, a silvicultura, a innovación e os enfoques estratéxicos.
3. **Información e comunicación** LIFE+: o seu obxectivo é divulgar información e fomentar a sensibilización en torno aos temas ambientais, incluída a prevención de incendios forestais; avalar as medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación, incluída a formación en prevención de incendios forestais.

A porcentaxe de contribución financeira comunitaria ascenderá como máximo ao 50% dos gastos subvencionables en cada un dos tres temas que abrangue a convocatoria. Excepcionalmente, no tema "Proxectos sobre natureza e biodiversidade LIFE+" poderase aplicar unha porcentaxe máxima de cofinanciamento do 75% ás propostas dedicadas a hábitats ou especies prioritarias recollidas nas Directivas sobre aves e hábitats.

As propostas de proxectos presentaranse ás autoridades nacionais competentes antes do **21 de novembro de 2008** e enviaranse ás autoridades nacionais do Estado membro no que estea rexistrado o beneficiario. A continuación, as autoridades nacionais presentarán as propostas á Comisión antes do 5 de xaneiro de 2009.

O presuposto xeral para a convocatoria LIFE+ 2008 é de **207.500.000 EUR**.

A asignación financeira que lle corresponde ao Estado español é duns **22.228.050 EUR**.



Convocatoria de propostas para accións no campo da eco-innovación dentro do Programa Marco para a Innovación e a Competitividade

http://ec.europa.eu/environment/etap/ecoinnovation/library_en.htm

Dende o 22 de Abril de 2008, a Axencia Executiva de Competitividade e Innovación (AECI) puxo en marcha unha convocatoria de propostas para proxectos piloto e proxectos de aplicación comercial relativos á innovación ecolóxica.

O prazo da convocatoria finaliza o **11 de setembro de 2008**. As propostas han de presentarse de forma electrónica:

- ✎ Importe total dispoñible para a convocatoria 2008: aproximadamente **28 millóns EUR**
- ✎ Número esperado de proxectos financiados: aproximadamente **40**
- ✎ Taxa de financiamento (como % do total de custos elixibles): **40 - 60%**



Noticias

Designado o Consello de Administración de EIT

<http://ec.europa.eu/eit/>

A Comisión Europea designou oficialmente o consello de administración do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT), facilitando así o camiño para o lanzamento no marco desta nova iniciativa das primeiras Comunidades de Coñecemento e Innovación (CCI). O consello celebrará a súa primeira reunión o 15 de setembro na nova sede do EIT en Budapest (Hungría).

Os 18 membros do novo consello son profesionais procedentes de varios campos da investigación, a universidade e a industria. Unha vez creados e en marcha, ás CCI uniranse outros membros, entre os que se inclúen os aspirantes a doutor e o persoal administrativo do EIT e as CCI.

Na reunión do próximo mes, o consello porá en marcha o proceso que levará á creación das dúas ou tres primeiras asociacións coñecidas como «Comunidades de Coñecemento e Innovación» (CCI), que se presentarán oficialmente en decembro de 2009. As CCI son os centros operativos do EIT.

Concretamente, o consello dedicárase a seleccionar, coordinar e avaliar as CCI. Como redes integradas público privadas que son, os centros beneficiarán a organismos clave, sobre todo

a través da achega de recursos estratéxicos europeos a colectivos interesados pertencentes á industria, a investigación e a universidade. As CCI dedicaranse a estimular a innovación nos sectores económico e social. Entre as actividades máis importantes das CCI figuran a xeración, divulgación e explotación de novos produtos de coñecemento e as mellores prácticas do sector da innovación.

A través desta iniciativa, orientada a xerar excelencia na innovación europea para lograr superar os desafíos que presenta a globalización, o EIT reúne os tres lados do «triángulo do coñecemento»: educación superior, investigación e innovación empresarial.

En última instancia, o modelo de referencia orientado á innovación do EIT estimulará e impulsará o cambio no seo do consello, que repercutirá particularmente nos sectores da investigación e a educación. A CE declarou que a innovación alenta o crecemento e a competitividade o que, á súa vez, garante o benestar dos cidadáns europeos.

Está claro que Europa conta cunha sólida infraestrutura nos sectores de investigación e educación, se ben existe un obstáculo. Moitos representantes da comunidade investigadora e a educación non teñen acceso á industria e deben, polo tanto, facer fronte a obstáculos para chegar a obter a «masa crítica» necesaria para a innovación.

O EIT será fundamental non só para aumentar a capacidade da UE de transformar os resultados de investigación e educación en oportunidades reais de innovación empresarial, senón que tamén fortalecerá a innovación entre a UE e os seus competidores do estranxeiro.



Noticias

GigaWaM cubrirá a necesidade de velocidade de banda ampla

<http://www.ignis.com>

No mundo de alta tecnoloxía de hoxe en día todo está en liña. Pódense realizar operacións bancarias, pagar impostos mesmo comprar comida a través de Internet. A xente pode facer todo iso grazas ao enorme aumento da velocidade de Internet. Pero co incremento do tráfico aumentan os atoaamentos. O proxecto europeo GigaWaM recibiu tres millóns de euros da UE para modernizar o acceso das persoas á banda ampla e acabar dunha vez por todas cos atoaamentos.

O proxecto GigaWaM ofrece mellorar a vida dos europeos e a sociedade de varias formas, como facilitando aínda máis o acceso a unha ampla gama de servizos, aumentando o acceso á telemedicina, a saúde electrónica e a aprendizaxe electrónica, e eliminando a fenda entre as áreas rurais e urbanas así como entre Europa Occidental e Oriental.

A multiplexación por división de lonxitude de onda e as PONS (Redes Ópticas Pasivas) son conceptos difíciles de entender por moitas persoas. Primeiro é necesario comprender o problema para entender os esforzos que se están a realizar para solucionalo. O proxecto agarda estar en marcha ata marzo de 2011.

Os expertos cren que en 2016 o acceso de banda ampla terá que acadar a velocidade dun Gigabit por segundo (1Gbps). Para entendelo, o cableado de cobre, que actualmente soluciona as nosas necesidades de comunicación de datos ten unha capacidade máxima de 10 Gbps mentres que o requisito para poder ver a emisión da próxima xeración de televisións de alta definición (HDTV) sitúase en 20 Mbps.

Considerando esta información no seu valor nominal, todo parece que estea ben. Pero se, pola contra, en cada fogar hai máis dunha HDTV e, tendo en conta que varios fogares comparten a mesma rede, en cada fogar entón é evidente que o cableado actual quedará realmente estancado.

A solución atópase no cableado de fibra óptica que utiliza a ciencia fotónica. A fotónica é unha tecnoloxía diversa que aproveita a enerxía da luz, a xestiona, manipula e amplifica para o beneficio da humanidade. A través da banda ampla fotónica, a velocidade de acceso de banda de hoxe en día será capaz de aumentar entre cen e mil veces.

As redes ópticas non necesitan compoñentes de enerxía eléctrica para separar o sinal, e, no seu lugar, distribúese utilizando divisores de feixe. Para evitar que os divisores de feixe se crucen con outros feixes, necesítase un plan de multiplexación. Coa multiplexación por división de lonxitude de onda, cada usuario final pode transmitir e recibir un sinal exclusivo. Isto permite transmisións de datos rápidas e máis baratas.

O director do proxecto é o especialista en compoñentes ópticos, Ignis Photonix AS, de Dinamarca. Tamén participan Ericsson AB de Suecia, o fabricante de compoñentes FiconTEC GmbH e o provedor de díodos de láser, VertiLas GmbH, ambos os dous de Alemaña. Tamén participou dende Canadá, Ignis Photonix INC. Xuntos creen que poderán facer que estea dispoñible este método de comunicación a un custo que sexa ademais acadable para o cidadán medio europeo.



Axenda

15-16 de setembro 2008

Terceira Conferencia Europea sobre emprendedores e innovación (ECEI)

Lugar: Universidade de Winchester, Reino Unido

Organiza: Academic Conferences International (ACI)

6-9 de outubro 2008

OPEN DAYS 2008: «As rexións e as cidades nun mundo cheo de desafíos»

A sexta edición de OPEN DAYS, a Semana Europea das Rexións e as Cidades.

Lugar: Bruxelas

Organizan: Comité das Rexións e Dirección Xeral de Política Rexional.

<http://www.opendays.europa.eu>

6-7 de novembro 2008

7 Conferencia Europea sobre e-learning (ECEL)

A ECEL convértese nos últimos anos no maior evento celebrado deste tipo e agrupa a investigadores e profesionais co obxectivo de explorar, avanzar e mellorar o e-learning.

Lugar: Crecian Bay Hotel – Agia Napa, Chipre

Organiza: Departamento de Ciencia Informática da Universidade de Chipre

<http://www.academic-conferences.org/ecel/ecel2008/ecel08-home.htm>

25-27 de novembro 2008

TIC 2008: “I” para o futuro: Invención, Innovación, Impacto

A principal cita europea sobre investigación en TIC

Lugar: Lyon, Francia

Organiza: DX Sociedade da Información

http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm

Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:
info@fundacioncalidade.org